

O galego na Rede. Nova realidade, nova política

Nova realidade, nova política

As políticas -tamén as lingüísticas- deben ter claro o obxectivo a que se quere chegar, pero tamén o punto de partida. O coñecemento da realidade é fundamental á hora de establecer as liñas xerais dunha política lingüística. Pois ben, a sociedade galega comeza a estar mergullada nun enorme cambio de fondas repercusións, que afecta a todo o mundo -cando menos ó occidental-: o tránsito dende a sociedade industrial, á que xa chegamos tarde e de xeito moi desigual, cara á sociedade da información, na que a base material é a información, mais sobre todo, poder xerala e tratala. Esta mudanza acelerouse desde os anos 70, nomeadamente coa implantación e extensión das novas tecnoloxías da información e a comunicación (TIC), que permiten tratar a información -en senso lato- con máis velocidade e con maior capacidade.

As novas tecnoloxías, das que Internet é exemplo sobranceiro, teñen un enorme impacto nos espazos comunicativos. Primeiro, mudan os papeis e as relacións comunicativas: a Rede, gracias á interactividade, é un medio en que calquera receptor pode converterse en emisor; ademais, tamén é un medio multidireccional, o cal o converte en medio de comunicación de masas.

Segundo, ata agora a prensa, a radio, a televisión e o cinema representaban universos máis ou menos illados, pero as TIC permiten a converxencia destes medios. De feito, xa é posible ver televisión ou cinema, ou oír radio a través de Internet, e tamén acceder a Internet a través do aparello de televisión ou do teléfono móbil.

Terceiro, con elas desaparecen as distancias e as fronteiras, os fluxos comunicativos mundialízanse, e a información de calquera lugar do planeta está ó noso inmediato dispor. Se a extensión da prensa, a radio e a televisión xa produciu importantes consecuencias no mantemento da nosa identidade, da nosa cultura e, o que agora nos ocupa, da nosa lingua, os efectos poden multiplicarse coa extensión das TIC. Este cambio de paradigma, ademais, inscríbese nun contexto neoliberal, que favorece a globalización, non só como internacionalización do capital, senón tamén como uniformización cultural e lingüística.

Sen embargo, fronte a ela emerxe asemade unha dinámica de reacción. Organizacións como Nodo50, ou cantas outras protagonizaron as protestas contra o cumio de Seattle, por exemplo, non dubidan en utilizar as TIC para crean espazos comunicativos alternativos. Fronte ó mito do inglés como lingua propia da Rede, pequenas linguas coma o sueco ocupan o lugar que proporcionalmente lles corresponde no mundo virtual, e demostran que a sobredimensión do inglés se debe a unha política estratéxica dos Estados

Unidos en relación á sociedade da información, e que se pode usar idéntica medicina para enfrontala.

Na sociedade da información, segundo Moragas, os espazos de comunicación multiplícanse, e deixan de ser espazos límite, asociados a unha xeografía, para convertérense en *espazos de oportunidade*. Xa non abundan as políticas lingüísticas que ata agora se levan proposto para o galego; cómpre creamos ese espazo de oportunidade, de que falaba Moragas, para o noso idioma, como tamén o intentan Cataluña, Euskadi, O Québec...

Unha política lingüística normalizadora para a sociedade da información

Ó noso entender, unha política lingüística normalizadora xa non ha ter éxito se non se incardina nunha política estratéxica, transversal e global, para que o país e o idioma ocupen o lugar que lles corresponde na sociedade da información.

Isto é: o primeiro obxectivo é crear un espazo virtual de comunicación propio capaz de satisfacer e fidelizar as demandas da nosa propia comunidade en tódolos eidos (administración, ensino, lecer, turismo, banca, comercio, vida civil etc.), de xeito que non se vexa obrigada, de necesidade, a recorrer á oferta foránea. Crear un espazo virtual propio significa incentivar a produción masiva de contidos de noso, en toda a súa diversidade.

É certo que Internet non é "de ninguén", pero é un ámbito no que se pode intervir, e o papel dos gobernos e das administracións públicas é clave. En primeiro lugar, cómpre estender as infraestruturas da telecomunicación por todo o país, salvando tódolos obstáculos, distancias e dispersión; universalizar o acceso a toda a poboación, e educala e concienciala a respecto da rede, para propiciar a existencia dunha masa civil crítica abonda. En segundo lugar, cómpre incentivar a produción de contidos propios, creando sinerxias, mediante regulamentacións e promoción de iniciativas, de xeito que se fomente realmente unha verdadeira industria nacional dos contidos. E a propia Administración, así como os medios de comunicación públicos, deben dar exemplo e seren punteiros na oferta de información dixitalizada en liña.

A nova política lingüística e de comunicación debe enfiar transversalmente esa política estratéxica, de xeito que o segundo obxectivo, simultáneo ó primeiro, é garantir que esa oferta comunicativa cara á demanda interna do país se produza en galego, a nosa lingua propia. Isto non significa desbotar as posibilidades de comunicación multilingüe que nos permite o medio, todo o contrario: tamén debemos dispoñer das ferramentas lingüísticas necesarias para proxectármolos ó global sen renunciar ó local, para accedermos ó resto do mundo desde o propio. É absolutamente necesario impulsar unhas industrias da lingua que traballen na creación de ferramentas que faciliten a

comunicación multilingüe, a traducción automática. Deste xeito, calquera cidadán do mundo ha poder acceder a todo o noso patrimonio na súa lingua - ou nunha lingua franca-, sen que por iso teñamos que renunciar ó noso idioma, e calquera cidadán galego ha acceder á información de calquera parte do planeta, sen renunciar a usar o galego.

Vendendo fume

Calquera diría vendo a propaganda oficial, que imos polo bo camiño. Os titulares dos medios abóuxanos a cotío: a tan cacarexada superautoestrada galega da información, as premiadas vistas panorámicas das cámaras web da CRTVG, programas de introducción de Internet nas escolas, a plataforma de comercio electrónico Galimarket... En troques, pola superautoestrada da información non circula case nada ó que se poida acceder publicamente; o web da CRTVG non se acolle a ningún control rigoroso de medición -como o da OJD-, e os seus traballadores a penas teñen acceso a Internet; o programa SIEGA de introducción nas escolas que nos acaban de vender é, substancialmente, o mesmo de hai dous anos, e seguen sen ofrecerlle formación ó profesorado nin contidos para exercer o labor docente; Galimarket, despois de presentarse varias veces en público, segue baleiro, o mesmo ca XeraciónNosa, o web da mocidade. E por riba, imos á cola do Estado, e xa que logo, de Europa, na introducción das TIC, como demostran os datos da Asociación para a Investigación en Medios de Comunicación.

Desde logo, a Xunta non ten unha política transversal e global, lingüística -polo menos normalizadora-, nin de comunicación a respecto das TIC, que teña como obxectivo crear o noso propio territorio virtual, galego e en galego. É máis: ata poñemos en cuestión que estea levando a cabo, sequera, unha política estratéxica para a sociedade da información. Resulta, máis ben, unha suma de declaracións grandilocuentes, actuacións erráticas e illadas, falta de coordinación e transversalidade, e venda de fume.

Non existe un plano estratéxico, presentado e aprobado como tal: o *Libro Branco das Telecomunicacións* (1994) non deixa de ser un documento de Telefónica, unha das grandes beneficiarias da política de telecomunicacións da Xunta, que optou por non desenvolver unha empresa pública propia como si fixeron noutros países. Tampouco non existen estudos serios e rigorosos da situación de partida nin prospeccións de obxectivos.

As grandes liñas políticas defínense en instancias como a UE, o Estado ten reservadas competencias mediante as leis-marco, e a Lei de normalización lingüística, do anos 83, non prevé os cambios que se foron producindo neste eido. Mais o desenvolvemento normativo que pode afectar ás TIC en Galicia é cativo: a Lei do audiovisual resulta decimonónica no novo panorama tecnolóxico e comunicativo, e a creación do Consello Galego do Audiovisual,

unha oportunidade perdida de favorecer a súa autonomía e desvinculación orgánica do poder executivo.

A pesar diso, si se adoptaron medidas nestes seis anos, pero moi centradas nas infraestructuras e moi a modo; así, no Consello da Xunta do 30 de setembro de 1998 acordouse que a finais do ano 2000 tódolos centros educativos haberían contar con conexión a Internet. Arestora, os prazos xa se alongan ata o 2002.

En canto á universalización do acceso, e a educación para a rede, a propia Administración da Xunta ou os medios de comunicación públicos constitúen o mellor exemplo do que non se está a facer: malia os anos transcorridos dende a aparición dos webs da Xunta ou da CRTVG, os seus traballadores non teñen acceso xeneralizado á Rede, por non falarmos da escaseza ou inexistencia de programas de formación *ad hoc*.

Pero, é que, ademais, tampouco se está incentivando como debera a produción de contidos propios que enchan esas infraestructuras, e así, no canto de aproveitalas para que circulen os nosos propios contidos, aprovéitanas os de fóra para traernos os seus produtos, ou vendernos, coa súa marca, os que nós mesmos producimos pero non dixitalizamos e poñemos en liña. E de novo, a propia Administración da Xunta fornece os mellores exemplos, cando nin sequera rendibiliza axeitadamente a información que xera, como ocorre coa versión en liña do DOG ou a información sobre o estado dun proceso administrativo.

Finalmente, os aspectos comunicacionais e lingüísticos evidencian falta de visión transversal e descoordinación. Cara a dentro, o web da Xunta de Galicia é un reino de taifas, sen un órgano transversal para o seu seguimento e implantación; o Decreto 21/1999 da Consellería da Presidencia, tentou poñerlle couto a isto, mais deixou todo o peso da presenza virtual da Xunta nas mans dunha comisión de informática, sen adoptar ningunha medida de tipo lingüístico, evidenciando unha concepción puramente tecnoloxicista da rede. De aí, se cadra, as desharmonías lingüísticas existentes no dito web, nalgúns espazos do cal a lingua galega brilla pola súa ausencia.

Cara a fóra, a perspectiva tampouco non é mellor. Coma noutros ámbitos, certo é que a Dirección Xeral de Política Lingüística subvenciona a versión galega de webs, mais outros departamentos da Xunta, que son os que realmente pintan e pinchan para incentivar unha industria dos contidos (IGAPE, Secretaría Xeral de I+D, Consellería de Industria, Parque Tecnolóxico...), pasan olímpicamente destas cuestións.

¿Existe un contradiscurso?

Tampouco o contrapoder semella ter unha política lingüística para a sociedade da información; en realidade, nin sequera a respecto desta. A xeneralidade da intelectualidade galega non ten discurso público verbo da posición de Galicia e do galego na nova sociedade, sacadas un par de excepcións, e menos aínda un discurso rigoroso. Tampouco non o amosa a oposición política: nin nos seus programas electorais, nin nas intervencións de control e seguimento, onde se bota en falta atención a estes aspectos, nin en ámbitos de goberno, como o local, onde poderían marcar estilos diferenciados, e non o fan. Fronte, por exemplo, a aposta decidida por ofrecer unha administración local virtual do Concello de Barcelona na etapa de Maragall, ou fronte á experiencia de pequenos concellos gobernados por nacionalistas vascos que dinamizan a sociedade local fomentando o nacemento de redes cidadás virtuais, os gobernos locais da oposición en Galicia non están a demostrar interese ningún por participaren na creación dun espacio propio de comunicación en Internet. Só o Concello da Coruña racha esta tendencia, pero sen que o galego ocupe a posición que lle corresponde como lingua propia.

Ata agora o único verdadeiro discurso á marxe das declaracións grandilocuentes do poder, está sendo practicado polos pioneiros e pioneiras da Rede en Galicia, ó levaren adiante as súas iniciativas para introducir contidos de noso en liña, no seu, no noso idioma: a rolda de Birmingham, Vieiros, galego21, e tantos outros. Comecemos xa a pensar todos, coma eles, o lugar que lle ha corresponder ó noso idioma na nova sociedade, e cómo conseguilo.